

ACTA PREMIOS SED 2022

Reunido o xurado do SED o día 9 de decembro, sendo as 19:00h horas, o xurado dos Premios do Patrimonio Cultural do Seminario de Estudos de Deza 2022, conformado por:

- Cecilia Doporto Regueira
- Xoán Carlos Garcia Porral
- José Ramón López Fernández
- José Ramón Pérez Salgado
- José Luis Rodríguez Jácome
- Antonio Presas Garcia
- Begoña Blanco Blanco

O SED , crea estes premios co fin de distinguir a labor de persoas, colectivos ou entidades que presenten unha traxectoria meritória vinculada á protección, conservación, investigación e difusión do patrimonio cultural dezá, materia e inmaterial, en calquera medio ou campo de actuación na Comarca do Deza.


ACORDA:

1. Distinguir co **Premio á posta en valor e divulgación do patrimonio cultural do Deza a Comunidade de Montes de Bermés, Regado, Rego do Prado, Lamela, Orxás, Riádigos, Campo e Camiño Real** pora labours que levan facendo nos últimos anos poñendo en valor todo o Monte do Carrio, petróglifos, penedos, rutas, capela de Santo Adrao, Outeiro Grande, etc; así como a restauración dos Muíños do Rego de Lamas.
2. Distinguir co **Premio á investigación do patrimonio cultural do Deza a Gonzalo Navaza Blanco** polo seu traballo como recuperador e investigador da

toponimia e da microtoponimia, non só a nivel comarcal, senón tamén no ámbito galego; e que o levou a ser nomeado membro numerario da RAG coa lectura do discurso “Nomes de persoa na toponimia de Lalín”.

3. Distinguir co **Premio de honra do Seminario de Estudos do Deza a Armando Vázquez Crespo** por ser un dos pioneiros nos estudos da Comarca de Deza. Froito do seu labor altruísta son as guías de concellos da comarca, a letra do imno de Lalín, a coautoría do libro A Comarca de Deza, artigos no Descubrindo e múltiples colaboracións a nivel xornalístico sobre esta terra.
4. Distinguir co **Premio Descubrindo a César Gómez Buxán** por ser fundador e membro do consello de redacción do Descubrindo, autor de catorce artigos nos quince números do Anuario ademáis dunha monografía nos Dezas Básicos (“Os Escudeiros de Cercio”). Todo isto complementado con outras publicacións sobre a Comarca.

Así o acreditan os membros do xurado ca súa sinatura.

The image shows four distinct handwritten signatures in blue ink. The signatures are arranged in two rows. The top row contains two signatures: one on the left that is tall and narrow with a long diagonal stroke, and one on the right that is more compact and rounded. The bottom row contains two signatures: one on the left that is long and horizontal with a wavy line, and one on the right that is circular and contains the name 'César'.

Sede do Seminario de Estudos do Deza, Pazo de Liñares (Lalín), a 9 de Decembro do 2022.